

I CONCURSO DE BOOKTRAILERS

O IES de Pontepedriña, a través do Departamento de Dinamización Lingüística e mais da Biblioteca do centro, convoca o **I Concurso de Booktrailers** (vídeos de promoción de libros de lectura), co fin de promover a lectura de libros en galego, o uso da lingua galega en relación coas TIC e a creatividade do alumnado.

A convocatoria e a resolución deste concurso rexeráse polas seguintes bases:

1. O obxectivo do concurso é contribuír á creación e difusión de traballos audiovisuais escolares no ámbito da normalización lingüística e promover a lectura como entretemento entre a mocidade.
2. Poderá concursar todo o alumnado matriculado no instituto neste curso escolar 2016-17. Cada alumno ou alumna poderá presentar un máximo de 3 creacións inéditas.
3. Os *booktrailers* terán como finalidade promocionar calquera libro de lectura escrito en galego (tamén poden ser traducións) dos fondos da biblioteca do centro escolar.
4. A duración mínima é de 60 segundos e a máxima de 120 segundos.
5. Os traballos en soporte dixital (en calquera formato) enviaranse por correo electrónico ó enderezo da biblioteca (bibliotecapontepedrinha@gmail.com). Paralelamente cubrirase unha ficha de inscrición dispoñible na biblioteca do centro.
6. O prazo de entrega dos traballos remata o 21 de abril de 2017.
7. Establécense dous premios:

1º premio	100 euros
2º premio	50 euros

Para cada categoría de participación:
De 12 a 16 anos
De 16 anos en diante
8. O primeiro premio está patrocinado pola oficina de Pontepedriña de Caixabank e será entregado pola súa directora.
9. Na avaliación dos traballos terase en conta os seguintes criterios: orixinalidade, creatividade, calidade artística e eficacia comunicativa.
10. O xurado estará formado por profesorado do instituto.
11. Os traballos ganadores publicaranse na páxina web do instituto e proxectaranse na entrada do instituto.
12. A participación no concurso implica a cesión dos dereitos para difundir os traballos presentados, no ámbito da normalización da lingua galega e da promoción desta actividade por parte do IES.
13. A participación no concurso implica a aceptación destas bases.